




Compromiso e valores

Desde o ano 2018, en que trasladamos o noso Local Social, antes ubicado no barrio de Monte Alto, ao barrio da Sagrada Familia, fomos notando unha afluencia moito máis grande de público na procura de actividades xa programadas así como outras que non estaban en funcionamento pero que eran moi demandadas. Á vista disto a Asociación empezou a pensar nunha reforma dos nosos Estatutos que nos permitisen ampliar o noso labor para poder cubrir as necesidades que nos demandaba o público.

Tras un proceso de reflexión e a valoración das nosas capacidades vimos que era factible cubrir a maior parte das actividades demandadas e no ano 2020, por fin, demos o paso decisivo. Modificamos os Estatutos, modificamos tamén o nome da Asociación engadindo as palabras “e cultural” para dar cabida ás novas actividades pasando a chamarse desde ese momento **ASOCIACIÓN LÍRICA E CULTURAL DE GALICIA**.

Así mesmo diversificamos en tres grandes núcleos as nosas actividades para poder xestionalas de forma máis efectiva.

Para nós o importante é a aprendizaxe e diversión aprendendo. Dende a Asociación Lirica e Cultural de Galicia perseguimos a participación cidadá no ámbito da música tanto na vertente formativa (cursos) coma na difusión da música, en especial a Lirica, o Teatro Lírico, a Musicoterapia e a práctica de diferentes instrumentos.



Estamos involucrados ao 100% nas actividades culturais da poboación en xeral, grazas a súa participación activa dos nosos talleres ou pasiva como invitados nos Concertos e Galas Líricas que organizamos.

Traballamos obras do repertorio universal así como obras galegas de musical que pola súa calidade deberían formar parte do repertorio habitual dos circuítos musicais. Hai algunhas obras pendentes de estrea de extraordinaria calidade e outras inxustamente relegadas ao esquecemento. Ocorre o mesmo co xénero da canción galega de concerto, que integramos no repertorio vocal habitual.

As nosas actividades realízanse ao longo de todo o ano para o beneficio do ensino-aprendizaxe.

1. Descrición das principais liñas de traballo da entidade.

A Asociación Lirica e Cultural de Galicia realiza as actividades que lle son propias segundo os seus estatutos tratando de fomentar e difundir a Arte, a Educación, a Solidariedade e a Cultura en xeral

(e a galega en particular) en todos os seus aspectos e expresións a través de actividades para a cidadanía.

Así, segundo a última modificación dos seus estatutos, organiza as súas actividades en torno a tres grandes eixes:

- Sección artística
- Sección pedagóxica
- Sección cultural



A presenza escénica é un asunto delicado e, como case todo na arte, intanxible, pero claramente perceptible. Dícián que María Callas ou Giuseppe Taddei posuían o don de ser sempre o centro da atención do espectador, aunque estivesen en silencio fora da escena principal, que transcorría nese momento centrada en outro personaxe, as miradas dirixíanse a eles.

No cabe dúbida de que o talento para estar en escena pode posuírse en maior ou menor grado, pero o que é certo é que en calquera caso necesita traballo. Traballo para expresar profundamente ademais de coa voz, coa actitude adecuada para que a esencia do personaxe poida chegar ao público.

Non se trata de xestos, actitudes nin recursos de fora a dentro, senón de sentir fundido a psicoloxía do actor ou

A **sección Artística** organiza Talleres nos que se desenvolven actividades variadas relacionadas coas artes: o canto, a técnica vocal, a música, o teatro, a literatura, etc. para procurar a formación integral de artistas líricos capaces de afrontar diferentes especialidades vocais en concertos, recitais e música escénica.

Nesta sección caben destacar:

- A aula de Canto
- Taller de Opera-Estudio Ardora
- Taller de Escena Lírica
- Compañía Lírica de Galicia




A **sección Pedagóxica** organiza Cursos e Talleres de formación non regrada, xornadas e charlas informativas e divulgativas e Talleres de apoio escolar adaptando os aspectos metodolóxicos ás características do alumnado, cun carácter flexible, tendo en conta a realidade individual. (uso da música e/ou seus elementos: **“Efecto Mozart”**).

As intencións fundamentais desta sección son:

- Contribuír á educación e promoción integral dos nenos e das nenas, empregando a música, axudando a mellorar as condicións da vida infantil e xuvenil mediante o desenvolvemento de actividades culturais nos momentos de ocio e tempo libre educativo para nenos/as e rapaces e rapazas.

- Combater e previr a exclusión social, prestando servizos culturais e de acción social a menores, xoves e adolescentes en risco de exclusión por motivos de fracaso escolar, falta de capacitación profesional, o que proveñan dun entorno social ou familiar deteriorado, ou vítimas de situacións de abandono ou maltrato físico ou psicolóxico; minorías étnicas, emigrantes e inmigrantes e/ou cantas outras formas de exclusión social e marxinação poidan presentarse.



A **sección Cultural** tenta promover e realizar actividades de tipo socio-cultural, artístico e educativo, que contribúan á formación, desenvolvemento e progreso da personalidade, así como á satisfacción de afeccións formativas. Talleres para desenvolver a dimensión afectiva e a autoestima para mellorar a súa integración social e cultural.

Así organiza cursos, Talleres e xornadas nas que pais, nais, fillos e educadores traballan a intelixencia emocional e as intelixencias múltiples, habilidades socio-emocionais e orientación educativa entre outras.

En resumo, persegue e anima a participación cidadá no ámbito cultura, a educación e a música tanto na súa vertente formativa (cursos, clases...) como na de difusión e promoción de música, en especial a lírica, o Teatro Lírico, a Musicoterapia e o traballo con diferentes instrumentos.

Tentamos integrar nas nosas actividades socioculturais á poboación en xeral, e á mocidade, e os maiores en particular mediante a súa participación activa, como alumnos/as dos nosos talleres, e pasiva, como invitados nos Concertos e Galas Líricas que organizamos.



Tratamos de facilitar á cidadanía un uso activo e creativo do ocio, a través da formación e perfeccionamento da expresión artística por excelencia: a música e o teatro.

Promocionamos o uso da Musicoterapia (uso da música e/ou seus elementos (son, ritmo, melodía, harmonía), nun proceso creado para facilitar e promover a comunicación, as relacións, a aprendizaxe, o movemento, a expresión e a organización persoal para así satisfacer as necesidades físicas, emocionais, mentais, sociais e cognitivas da poboación co fin de desenvolver potencialidades e/ou restaurar as funcións do individuo de maneira tal que este poida lograr unha mellor integración intra e/ou interpersonal e consecuentemente unha mellor calidade de vida.

Promocionamos, difundimos e pomos en valor as manifestacións culturais e de identidade propia de Galicia, especialmente no que á música culta se refire.

Contribuímos á recuperación do rico patrimonio musical galego dedicando especial atención á recuperación e difusión da lírica de Galicia, traballando obras galegas de teatro musical que pola súa calidade deberían formar parte do repertorio habitual dos circuítos musicais. Hai algunhas obras pendentes de estrea de extraordinaria calidade e outras inxustamente esquecidas.

Cooperamos no desenvolvemento e mellora da Educación e a Cultura en todas as súas manifesta-

cións e aspectos favorecendo a renovación dos medios tradicionais de planificar, comunicar e organizar programas culturais, así como de xerar novas ideas que activen os procesos de creación cultural e a súa difusión.

Promovemos e impulsamos o voluntariado, fomentando o compromiso persoal e a participación social, favorecendo o compromiso social, o altruísmo, a responsabilidade e participación. Algúns dos Cursos e Talleres xa programados para ser impartidos no ano 2021

Cursos e Talleres para 2021



Reforzo Escolar Primaria

Clases de Apoio e Reforzo Escolar Secundaria e Bacharelao





Taller de Preparación Intensiva de Selectividad (ABAU)

Prazas Limitadas
Inscripción ata o 28 de febreiro

Taller de Escena Lírica Curso: “Desinhibición e Presencia Escénica”

Prazas Limitadas • 15, 16 y 17 maio



Taller de Escena Lírica Curso: “Conciencia Corporal e Expresividade”

Prazas Limitadas • 24, 25 y 26 maio






Taller de Escena Lírica Curso: "Creación de Personaxes e Base Actoral"

Prazas Limitadas • 22, 23 e 24 xullo

Formación en Ferramentas Básicas para o Desenvolvemento de Clases ON-LINE



máis información e inscripcóns:

639 650 164 • asociación@liricadegalicia.com

www.liricadegalicia.gal

Cronograma de actividades previsto para o ano 2021

CRONOGRAMA DAS ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O ANO 2021												
	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setembro	outubro	novembro	decembro
Taller de Ópera- estudio "ARDORA". (Formación, Creación e Difusión cultural)												
1 Taller de interpretación estilística dos diferéncies xéneros, épocas e autores máis representativos												
2 Taller "Afinación perfecta na voz cantada"												
3 Curso: "Exposición profunda de sentimentos e emocións na voz e aspectos terapéuticos da mesma"												
4 Curso: "Aspecto creador do son"												
5 Curso: "Intención do son e modelo mental no canto"												
6 Curso: "Compromiso e autenticidade da expresión artística da voz"												
Aula de Canto (Formación e Difusión cultural)												
7 Clases de canto (individuais e en grupo)												
8 Clases de recuperación vocal.												
9 Técnica vocal para cantantes.												
10 Técnica vocal para outros profesionais da voz.												
11 Fonética de canto												
Taller de Escena Lírica (Formación e Difusión Cultural)												
12 Curso: "Desinhibición e presenza escénica"												
13 Curso: "Conciencia corporal e expresividade"												
14 Curso: "Creación de personaxes e base actoral"												
15 Curso: O corpo en Concerto												
16 Curso: Do canto á escena"												
17 Taller de creación de personaxes a través do vestiario e da caracterización.												
Taller de Recuperación e Apoio Escolar												
18 Taller "O EFECTO MOZART.": Para primaria (formación e Difusión cultural)												
19 Taller "O EFECTO MOZART.": Para secundaria (formación e Difusión cultural)												
20 Taller "O EFECTO MOZART.": Para bacharelato (formación e Difusión cultural)												
21 Taller "O EFECTO MOZART.": Apoio de verán (formación e Difusión cultural)												
22 Taller "O EFECTO MOZART.": De primaria a secundaria (formación e Difusión cultural)												
23 Taller "O EFECTO MOZART.": Técnicas de estudo (formación e Difusión cultural)												
24 Taller de preparación intensiva da Selectividade												
25 Taller de verán preparate para a ESO												
Talleres instrumentais												
26 Piano												
27 Guitarra												
Talleres e Cursos para formación de pais, nais, fillos e fillas												
28 Taller "Intelixencia emocional"												
29 Taller "Intelixencias múltiples"												
30 Taller de habilidades socio-emocionais												
31 Taller de Autoestima, automotivación e responsabilidade												
32 Taller de actividades socioemocionais: empatía e asertividade												
33 Orientación educativa nos adolescentes con TDAH												
34 Curso de formación en ferramentas básicas para o desenvolvemento de clases on-line												
35 Curso de formación para rapaces de secundaria en ferramentas de Google, para o ensino virtual: Classroom, Documents e Drive												
36 Talleres de orientación en ferramentas utilizadas en clases on-line(Aula Virtual e Abalar) para poder axudar e controlar as tarefas e informacións que reciben os fillos(Aula Virtual) ou sobre os seus fillos(Abalar)												
Talleres e Cursos para profesorado e educadores												
37 Entender e atender ao alumnado con déficit de atención e hiperactividade (TDAH)												
38 Orientación e estratexias dirixidas ao profesorado para traballar con alumnado con TDAH												
Creación de Materiais												
39 Guía de uso da plataforma Classroom												
40 Guía xeral de uso de Aulas Virtuais												

Concerto da Compañía Lírica de Galicia na biblioteca do Gaiás en Santiago

O sábado 12 de decembro a Compañía Lírica de Galicia ofreceu ás 17 horas un Concerto de Ópera para nenos titulado “Os apuros de Rigoletto”. A actuación realizouse dentro do programa Nadal na Biblioteca de Galicia no Auditorio Neira Vilas da Biblioteca do Gaiás na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

“Os apuros de Rigoletto” é un orixinal espectáculo de Ópera dirixido a un público infantil e/ou familiar, que persegue, xunto ao lóxico desexo de divertir, o propósito de interesar e instruír ao público infantil no marabilloso mundo da Ópera. Un libro de contos serve de escusa para facer unha excitante viaxe a través da Ópera dunha forma sinxela e amena.

Rigoletto, un simpático director de orquestra, busca desesperadamente a súa orquestra, para poder empezar a función.

Ao non atopala, decide explorar outras formas de conseguir a música mentres os cantantes, xa impacientes, empezan a desesperar quecendo a voz e facendo vocalizacións fóra da escena.

Tras resolver de diferentes formas (segundo as posibilidades da sala) o problema da orquestra, e xa con todo preparado, empeza a desgranar os segredos da ópera e a relatar o contido das arias que se van interpretar para que os máis pequenos entendan o que van ver e escoitar. Falará dos personaxes, da ambientación, dos autores... sempre de forma amena e entendible para os cativos.

Unha vez en situación e coa ambientación luminosa e escénica pertinentes, empezarán a desfilaren polo escenario os diferentes personaxes coidadosamente ataviados segundo requira a obra e a maxia comezará convertendo en realidade o que antes contara Rigoletto. Así aparecerán en escena Mimí, Lauretta, Amina, Cherubino”, “Calaf” ou a “geisha Cio-Cio San” que escenifican as arias máis significativas de “La Bohème”, “Gianni Schichi”, “La Sonambula”, “Las bodas de Fígaro”, “Turandot” ou “Madame Butterfly” entre outras.

Este proxecto da **Asociación Lírica de Galicia** trata de adaptar as óperas máis coñecidas para acercar ao público infantil e familiar ao mundo da lírica.

As propostas artísticas de Asociación Lírica de Galicia para nenos caracterízanse por ter un alto valor didáctico e lúdico. Son producións de mediano formato, que poden adaptarse a calquera espazo escénico coa única necesidade de que haxa posibilidade de escuridade.

